

## Isidro Novo

(Lugo, 5 de outubro de 1951 – 1 de febreiro de 2018)

Logo publicar dous libros temperáns en castelán (*14 poemas e Despacios*), *Teaza de brétema*, colección O Barco de Vapor, 1994, foi o seu primeiro libro individual en galego. Seguiríalle o wéstern *Por unha presa de machacantes*, o libro de relatos *Carne de Can* e o poemario *Dende unha nada núa* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1996).

En 1999 sae á rúa *Antollos de Eimarmena*, de narrativa curta, e a seguir as novelas *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio* (Premio Risco de Literatura Fantástica no 2005 e Premio Arcebispo San Clemente, 2007). No mesmo ano 2007 ve a luz *Esteiro de noites falecidas* (Premio Concello de Carral, 2006) e en 2009 publícase a súa tradución ao galego da novela de Benito Vicetto *Os fidalgos de Monforte: historia cabaleiresca do século XV*. Tamén son obras súas o libro de relatos *Cabalos do demo e outros invertibrados* (2010), o de viaxes literarias *O Courel de Novoneyra. Eidos de ollarollar* (2010), así como a novela de terror *Sinistra Deixa* (2012).

En 2016 sae á rúa o libro *Memorias do san Froilán* en cuxa elaboración participan tamén os asistentes ao Obradoiro de Narración Oral patrocinado polo concello de Lugo. Neste ano 2017 ven a luz o poemario *CO<sub>2</sub>* e a novela *O tabú na traslenda*.

En tempos fixo radio (programa “Gomorrilas e novas criaturas” na pirata Radio Clavi), ademais de publicar dúas guías orientativas para libar viño artesanal na cidade de Lugo.

Durante o último decenio foi vogal por Lugo no Consello Directivo da AELG e colaborador moi activo da Sección de Literatura de Tradición Oral, participando activamente no proxecto *Polafías* (máis de 30 celebradas por todo país desde 2007), da posta en marcha das distincións *Mestras e Mestras da Memoria*, da revista oral do San Froilán, “Letra das Festas”, e na organización das Xornadas de Literatura Oral.

Tamén puxo en marcha o proxecto da AELG denominado “Palabras con memoria” co obxectivo de recuperar palabras, expresións e acepcións nosas en desuso que por diversas razóns non atoparon sitio nos dicionarios e, polo tanto, en severo perigo de extinción. Máis de mil trescentas entradas ou palabras recuperadas que se poden consultar libremente na web da asociación, amais de térense publicado en distintas épocas no xornal La Voz de Galicia e no semanario Sermos Galiza.

*«A escrita de Isidro Novo é o paradigma da escrita non centralizada. Isto demostra que lonxe dos centros literarios de poder e decisión tamén respiran escritores auténticos, e non só, como diría Góngora, a “infame turba de nocturnas aves” que se dán ao cavernoso oficio de enlear palabras en cortos e escuros latexos.*

*Isidro Novo debe ser situado, porque o seu lugar é este, en Lugo, e na súa vizosa tradición literaria que arrinca co rei sabio, Alfonso X, e a súa “Cantiga 77”. En efecto, o lugués, na literatura, é unha fortuna e unha denominación de orixe que, sen trasnoitadas excelencias localistas, parva e inutilmente escurecedoras doutras denominacións, pode merecidamente competir con todas e cada unha delas.*

*Obxectivamente considerada, a escrita de Isidro Novo é un ser artístico-verbal nado, crecido e madurado nas terras de Lugo. Aparte das referencias a lugares, tempos, circunstancias –persoais ou non–, explicitadas ou mergulladas nos seus libros e artigos, e detectábeis neles en canto realidades asumidas e artelladas esteticamente, todas esas páxinas, agás unhas poucas, foron escritas en Lugo. Isto quere dicir que o recendo das pedras musgadas, a cor das rúas, das árbores, do mar e das súas xentes, está albiscado pola mirada dun escritor que sempre levou a Lugo na ollada, e que reflexionou sobre a súa terra á luz do seu ceu gris. E isto é así porque o eu poético quixo que ditas realidades latexasen na única atmosfera que el respiraba, e porque quixo que teñan a única cor que os seus ollos fitaron... E ten unha urxencia de reciprocidade cumprida:*

*Lugo fixo seu a Isidro porque Isidro fixo súa a Lugo, dese persoal xeito que entraña o asimilala vitalmente e perpetuala, creativamente metamorfoseada, nunha escrita caracterizada pola singularidade e orixinalidade».*

**José Luis Calvo**

## **Bibliografía (selección)**

### **POESÍA**

#### **En castelán**

*14 Poemas*. Lugo: La Voz de la Verdad, 1974.

*Despacios*. Lugo: Martínez Sarceda, 1980.

#### **En galego**

*Dende unha nada núa*. IX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Sada: Edicións do Castro, Colección de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 1997.

*Sonetos*. Ilustracións de Surikou. Pontecandelas: Edicións do Estrume, col. Suido, 2000.

*Esteiro de noites falecidas*. IX Premio de Poesía Concello de Carral. A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, 2007.

*CO<sub>2</sub>*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Versos, 2017.

### **NARRATIVA**

#### **Literatura infanto-xuvenil**

*Teaza de brétema*. Finalista Premio O Barco de Vapor 1992. Vigo (Pontevedra): S.M. col. O Barco de Vapor, 1994, 108 pp.

#### **Relato curto**

*Carne de can*. Santiago de Compostela (A Coruña): Edicións Positivas, 1997.

*Antollos da Eimarmena*. Santiago de Compostela (A Coruña): Edicións Positivas, 1999.

*Cabalos do demo e outros invertebrados*. Ilustración Ánxela Pérez Meilán. A Coruña: Editorial Trifolium, col. Litterae, 2010.

#### **Novela**

*Por unha presa de machacantes*. Ilustracións de Quique Bordell. Santiago de Compostela (A Coruña): Edicións Positivas, 1996.

*Súa de si*. A Coruña: Biblos Clube de Lectura, col. Mandaio, 2003.

*Rosa lenta*. Finalista do Certame de Creación Literaria "Terra de Melide" 2004. Vigo (Pontevedra): Francka Editora, 2004.

*Un escuro rumor tralo silencio*. Premio Risco de Literatura Fantástica 2005. Santiago de Compostela (A Coruña): Sotelo Blanco, col. Medusa, 2005.

*Sinistra deixa*. Ilustración de Elerre. Noia (A Coruña): Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012.

*O tabú na traslenda*. Santiago de Compostela (A Coruña): Urco Editora, col. Alcaian, 2017.

### **OUTROS LIBROS**

#### **Autoría individual**

*Guía do bebercio lugués ou as rotas do viño artesanal*; A Taberna de Marcos, 1992 e 1995

*O Courel de Novoneyra. Eidos de ollarollar*. A Coruña: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, col. Viaxes Literarias, 2010, 73 pp.

A estas obras deben engadirse traducións, textos de creación, limiares, e ducias de artigos publicados en xornais, revistas e volumes colectivos.

"Autobiografía". En:

<http://bvg.udc.es>.

<http://www.aelg.org>.

Lugo, 18 de outubro de 2018